

**INFORMES SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS
FACTURAS RECIBIDAS**

PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

*(LEI 15/2010, DE 15 DE XULLO DE MEDIDAS DE LOITA
CONTRA A MOROSIDADE)*



INDICE

- 1. Normativa reguladora**

- 2. Informe da Intervención Provincial, en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo.**
 - **Anexo I: Pagos realizados no trimestre.**
 - **Anexo II: Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.**
 - **Anexo III: Detalle do período medio de pago a provedores cuxa metodoloxía de cálculo regúlase no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.**

- 3. Informe da Tesourería Provincial, en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo.**
 - **Anexo I: Facturas pendentes de materializar o seu pago ao final do trimestre.**

- 4. Proposta da Presidencia.**

- 5. Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.**

- 6. Acordo Plenario.**

1.- NORMATIVA REGULADORA

NORMATIVA REGULADORA

Para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade que constan neste expediente, tívose en conta a seguinte normativa reguladora:

- **Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163 de 6 de xullo de 2010)**
- **Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación (BOE núm. 289 de 1 de decembro de 2012)**
- **Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (BOE núm. 311, do 28 de decembro de 2013)**
- **Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro de 2015)**
- **Resolución da Presidencia nº 41284 do 27 de decembro de 2017, pola que se regula o procedemento de tramitación de facturas na Deputación da Coruña**
- **Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que determina o procedemento que se ha seguir para remitir a información (modificada pola Orde HAP/2082/2014 do 7 de novembro, en canto á información que se vai fornecer relativa á morosidade das operacións comerciais**
- **Guía para a elaboración de informes trimestrais de morosidade, publicada polo Ministerio de Facenda y Administracións Públicas**

2.- INFORME DA INTERVENCIÓN



INFORME TRIMESTRAL DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

A Lei 15/2010, do 5 de xullo e o Real decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón nos apartados 3 e 4 do seu art.4 que

3. “Os tesoureiros, ou na súa falta, interventores das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pago das obrigacións de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

4. “sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación.....”

A Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que determina o procedemento que se vai seguir para remitir a información, recentemente modificada pola Orde HAP/2082/2014 en canto á información que se vai fornecer relativa á morosidade das operacións comerciais, establece no seu art. 16.6:

“O informe trimestral regulado no art. 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo..... incluírá o detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagas e pendentes de pago de cada entidade e do conxunto das corporacións locais”

Co obxecto de render a información trimestral anteriormente citada, e adecuala ás últimas reformas legais, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, elaborou unha nova guía para cubrir os informes trimestrais de morosidade, así como da estrutura destes que se van presentar telemáticamente.

Así mesmo, tense en conta o Real decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, que modifica o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en canto ao establecemento de prazos para o pago a provedores.



De conformidade coa normativa anterior, e en base ao procedemento interno desta Deputación regulado no pto. 17 do anexo I da Resolución da Presidencia nº 41.284 do 27/12/2017, sobre procedemento e tramitación das facturas, diríxense á próxima Comisión de Economía e Facenda, os seguintes informes elaborados por esta Intervención respecto disto:

- **Pagos realizados no primeiro trimestre de 2020 (anexo I)**
- **Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do primeiro trimestre de 2020 (anexo II).**
- **Detalle do período medio de pago a provedores. Real decreto 1040/2017 polo que se modifica o Real decreto 635/2014 (anexo III).**

Aos anteriores anexos I e II, acompáñase a relación detallada das facturas incluídas en cada un deles.

Para unha valoración da evolución dos datos reflectidos nos anteriores informes en relación co mesmo período do exercicio anterior, recóllese a continuación o seguinte cadro comparativo:

COMPARATIVA PRIMEIRO TRIMESTRE 2019/2020				
		2019	2020	% variación
Pagos realizados	PMP	21,95	25,19	0,15
Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do primeiro trimestre.	PMPP	22,05	24,46	0,11

(PMP): Período medio de pago

(PMPP): Período medio do pendente de pago.

COMPARATIVA PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES MENSUAL			
Detalle por Entidades: Deputación Provincial da Coruña			
PRIMEIRO TRIMESTRE 2019/2020			
	2019	2020	% variación
Enero	12,15	21,20	0,74
Febrero	12,04	15,19	0,26
Marzo	16,99	14,77	-0,13



Como complemento á información anterior, a continuación detállase a situación das facturas recibidas nesta Deputación durante o primeiro trimestre do exercicio 2020, segundo o seu estado de tramitación, na data de emisión do presente informe:

Situación das Facturas	PERIODO 01/01/2020 - 31/03/2020		
	Número	% s/Facturas a tramitar	% s/Facturas Aprobadas
Total facturas recibidas	1.486		
* Anuladas	231		
* A tramitar	1.255		
Total facturas aprobadas (fase "Recoñ.Obriga")	1.192	94,98	
Total facturas pagadas respecto as recibidas en 2020	1.081	86,14	90,69
Total factura pagadas respecto as recibidas en anos anteriores	165		
Total facturas pendentas de aplicar a presupuesto	0	0,00	
Total facturas pendentas aprobación	63	5,02	

A Coruña, 6 de abril de 2020

ANEXO I INFORME DA INTERVENCIÓN

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Ejercicio: 2020

Trimestre: Primero

Fecha Obtención 03/04/2020

8:22:04

Pagos realizados en el Trimestre

Pagos realizados en el Trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el Trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	24,00	1170	4.891.478,22	19	59.811,14
20- Arrendamientos y Cánones	46,10	14	41.481,73	3	17.054,70
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	22,05	119	325.818,77	0	
22- Material, Suministro y Otros	23,83	1025	4.518.415,72	16	42.756,44
23- Indemnización por razón del servicio	38,01	12	5.762,00	0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	33,23	50	646.525,28	5	80.111,28
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	26,00	1	64.754,68	0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0		0	
TOTAL	25,19	1221	5.602.758,18	24	139.922,42

ANEXO II INFORME DA INTERVENCIÓN

Ejercicio: 2020

Trimestre: Primero

Pág. 1

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro periodo legal pago a final del trimestre		Fuera periodo legal pago a final del trimestre	
		Nº Operaciones	Importe total	Nº Operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	30,74	81	255.350,83	11	30.500,91
20- Arrendamientos y Cánones	29,84	4	29.637,80	0	
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	18,80	12	88.870,55	0	
22- Material, Suministro y Otros	37,23	65	136.842,48	11	30.500,91
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	31,95	20	824.091,36	3	163.207,31
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	13,00	1	172.295,00	0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	11,60	68	560.835,31	0	
TOTAL	24,46	170	1.812.572,50	14	193.708,22

ANEXO III INFORME DA INTERVENCIÓN



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL A PROVEEDORES MENSUAL

MES ENERO
AÑO 2020

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Mensual	
Diputación Prov. de A Coruña	22,08

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES MENSUAL
DETALLE POR ENTIDADES

MES ENERO
AÑO 2020

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Mensual
11-15-000-DD-000	Diputación Prov. de A Coruña	21,03	21,55	21,20
11-00-010-CC-000	C. Prov. Coruña Serv. contra Incendios e Salv.	24,00	39,00	24,01
11-00-026-HH-000	F. Agencia Energética Provincial de A Coruña	17,21	2,04	10,39

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL A PROVEEDORES MENSUAL

MES FEBRERO
AÑO 2020

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Mensual	
Diputación Prov. de A Coruña	16,91

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES MENSUAL
DETALLE POR ENTIDADES

MES FEBRERO
AÑO 2020

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Mensual
11-15-000-DD-000	Diputación Prov. de A Coruña	16,59	11,94	15,19
11-00-010-CC-000	C. Prov. Coruña Serv. contra Incendios e Salv.	0	24,74	24,74
11-00-026-HH-000	F. Agencia Energética Provincial de A Coruña	5,43	3,35	3,68

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL A PROVEEDORES MENSUAL

MES MARZO
AÑO 2020

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Mensual	
Diputación Prov. de A Coruña	16,49

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.



Diputación Prov. de A Coruña

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES MENSUAL
DETALLE POR ENTIDADES

MES MARZO
AÑO 2020

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Mensual
11-15-000-DD-000	Diputación Prov. de A Coruña	10,86	20,20	14,77
11-00-010-CC-000	C. Prov. Coruña Serv. contra Incendios e Salv.	26,07	4,17	25,11
11-00-026-HH-000	F. Agencia Energética Provincial de A Coruña	12,67	0	12,67

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.

3.- INFORME DA TESORERÍA E ANEXO



TESOURERÍA

INFORME DA TESOURERIA

Asunto: Informe previsto no artigo 4 da Lei 15/2010 de 5 de Xullo pola que se modifica a Lei 3/2004 de 29-12-2004 de “Lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales”.4º trimestre de 2020.

O artigo 4 da Lei 15/2010 establece no seu apartado terceiro que “Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.”

Resulta aplicable, a estos efectos, o prazo de trinta días que prevé a normativa actual de contratación, para determinar si a Administración pública incurre en situación de morosidade.

Na relación que se adxunta figuran a totalidade de pagos ordenados correspondentes ás facturas que levando mais de 30 días en tramitación desde que se rexistrou a sua entrada na Deputación, e estando a obriga recoñecida e o pago ordenado, non se fixo efectivo o mesmo no dito prazo. Esta información corresponde ao primeiro trimestre de 2020.

O total de facturas que estaban a 31 de marzo de 2020, en situación de pagos ordenados pendentos de materializar, nos que concurren as circunstancias reseñadas, a fin do primeiro trimestre de 2020 son catorce. Se adxunta a estos efectos a información concreta sobre as facturas



referidas. A entrada no rexistro de facturas é no caso mais antigo de 10 de Marzo de 2019, caso excepcional no que a pesar das xestións realizadas non se conseguiu a conta corrente do perceptor. Nos demais casos, as facturas son de Xaneiro ou Febreiro de 2020.

O importe total das once facturas pendentes a 31 de Marzo de 2020 que se atopan nas condicións anteditas, ascende a 422.091,63 euros. Das facturas indicadas como pendentes, todas o son polos seguintes motivos:

- 1) 2 facturas das que non se dispón a conta bancaria na Tesourería, a pesar das xestións realizadas ao respecto.
- 2) 2 facturas nas que existen erros de fases anteriores.
- 3) 10 facturas que foron pagadas en relacións de transferencias dos tres primeiros días do mes de Abril.

Polo tanto solo son 4 as facturas pendentes no momento en que se expide este informe.

En todo caso, estase a traballar polas unidades administrativas correspondentes de esta Deputación, co fin de solventar os problemas polos que figuran pendentes as mencionadas facturas

Debemos destacar a celeridade coa que, en xeral, se están atendendo todos os pagos a provedores, o que pon de manifesto a axilidade do actual sistema de tramitación, o cumprimento dos prazos por parte de todos os servizos da Deputación intervintes (Unidades xestoras, fiscalización, contabilidade e tesourería), e a puntualidade coa que no momento actual perciben os seus pagos a practica totalidade dos provedores e contratistas.

Este aspecto resulta moito mais destacable dadas as medidas excepcionais que tivo que poner en marcha a Deputación, como consecuencia da declaración do estado de alarma do pasado 14 de Marzo, chegando a unha normalización inmediata da tramitación, a pesar do cambio masivo do traballo presencial ao teletraballo, por parte de todas as unidades administrativas implicadas na xestión.

TESOURERÍA

Facturas pendientes de materializar o seu pago con dato de vencemento 31/03/2020

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Operación	Terceiro	Nome	situacion
F/2019/4788	03/10/2019	02-19-003364	26/09/2019	401,85	220190041199	05287053C	RIVAS GUARDO, JOSE IGNACIO	SIN CTA
F/2020/268	15/01/2020	2020- 0006	15/01/2020	1.318,51	220200011583	B82270190	DARZAL CONSULTORIA Y PREVENCION, S.L.	CAJA 01/04/2020
F/2020/410	27/01/2020	E 77	24/01/2020	100.362,66	220200011645	B15840861	BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	T/2020/91
F/2020/440	28/01/2020	20 4	23/01/2020	61.526,14	220200011656	B70374376	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	T/2020/89
F/2020/494	30/01/2020	613119110401-1	30/11/2019	2.032,80	220200011802	A79252219	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	T/2020/90
F/2020/504	31/01/2020	14806084	31/01/2020	8.527,35	220200006247	A78007473	LEASE PLAN SERVICIOS, S.A.	T/2020/88
F/2020/507	31/01/2020	E2020- 3	31/01/2020	11.423,82	220200011561	B70093539	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	T/2020/87
F/2020/521	31/01/2020	DP-20 2	31/01/2020	616,31	220200002962	76357678R	RAMIRO DOMINGUEZ, SANTIAGO	SIN CUENTA
F/2020/730	10/02/2020	FEB-20 1	10/02/2020	134.197,24	220200011557	B15081847	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	T/2020/87
F/2020/757	12/02/2020	20 060	12/02/2020	508,05	220200011804	A15093081	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	T/2020/90
F/2020/779	13/02/2020	259/20/A	04/02/2020	152,01	220200004629	B78272168	CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS, S.L.	ERROR P
F/2020/780	13/02/2020	Emit- 200013	06/02/2020	5.583,56	220200011733	A15352735	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	T/2020/90
F/2020/892	20/02/2020	5052090746-B	24/10/2019	14.652,80	220200007654	GB232400420	CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS, S.L.	ERROR P
F/2020/907	21/02/2020	200202	21/02/2020	80.788,53	220200011554	B15122104	EXCAVACIONES CERNADAS VALINA, S.L.	T/2020/87
				422.091,63				

2 expedientes sin cuenta bancaria

RIVAS GUARDO, JOSE IGNACIO
RAMIRO DOMINGUEZ, SANTIAGO

2 expedientes con error en el P en la aplicación persupuestaria

CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS, S.L.
CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS, S.L.

10 expedientes en las Relaciones de Transferencias 87,88,89,90,y 91, que ya han sido dadas caja los días 1,2 y 3 de abril de 2020



4.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2020, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo).

ÓRGANOS: - Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior
- Pleno da Corporación Provincial

A Deputación da Coruña vén desenvolvendo de forma continuada importantes esforzos tendentes á informatización e regulación das facturas recibidas.

Desde o ano 1992 que se articulou o primeiro rexistro informático de Facturas de Deputación centralizado no Servizo de Contabilidade, ata a data, ditáronse varias circulares e Resolucións internas para dar cobertura procedimental a toda a normativa que nesta materia foise xestando no noso país.

A entrada en vigor da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, deu lugar a un dos cambios máis relevantes no procedemento que viña aplicando sobre a recepción e tramitación de facturas recibidas, e supuxo a posterior adhesión á plataforma FACE do Ministerio, como punto de entrada de Facturas en formato Facturae

Pola súa banda, coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de decembro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a Deputación tamén impulsou o uso da administración electrónica por parte dos administrados que se relacionan coa institución provincial, implementando procedementos telemáticos e poñendo en marcha nos concellos da provincia o SIR (sistema de interconexión de rexistros).

Todas as novidades normativas e electrónicas aconsellaron reformularse de novo o procedemento de rexistro e tramitación de facturas recibidas na Deputación, que se actualizou e refundiu na Resolución da presidencia Nº 41284, do 27 de decembro de 2017, en vigor nestes momentos, e cuxo obxectivo principal se resume en dous puntos fundamentais:

- redución de tempos no pago de facturas
- obtención de información puntual do estado de tramitación das facturas, tanto interna como externa.

Nesta liña, o apartado 17 da devandita Resolución recolle en detalle o procedemento necesario para dar cumprimento ao disposto no Art. 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, canto a emisión, polo Tesoureiro e Interventor, de informes de cumprimentos de prazos no pago de facturas para a súa posterior elevación ao Pleno e aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Comunidade Autónoma.



Atendendo á devandita norma, así como á Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que determina o procedemento que se ha seguir para remitir a información (modificada pola Orde HAP/2082/2014 en canto á información que se vai subministrar relativa á morosidade das operacións comerciais), procédese a render a información correspondente ao **1º Trimestre de 2020**, co seguinte contido:

→ Informe da Intervención provincial, do 6 de abril de 2020:

ANEXO I: pagos realizados no primeiro trimestre de 2020.

ANEXO II: facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do primeiro trimestre de 2020.

ANEXO III: detalle do período medio de pago a provedores, cuxa metodoloxía de cálculo regúlase no Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

→ Informe da Tesourería provincial, do 7 de abril de 2020

En base á normativa de aplicación e á documentación achegada polos Servizos provinciais, propónselle á Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior que ditamine, e ao Pleno Corporativo que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

Terceiro: Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Facenda.

5.- DITAME DA COMISIÓN



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión ordinaria do 23 de abril de 2020.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Ángel García Seoane	AVV
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Alberto Lema Suárez	MA
Dalia García Couso	PP
José Muiño Domínguez	PP
María Beatriz Molinos Vidal	PP
Martina Aneiros Barros	PP
Roberto Rodríguez Martínez	PP
José Manuel Lage Tuñas	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Sandra González Castro	PSOE

Presentes:

Ana Marcos García (Xefa de servizo)
Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
Jesús Ángel Martínez Loira (Jefe de Servicio de Organización)
José Manuel Pardellas Rivera (Interventor Xeral)
María Amparo Cristina Taboada Gil (Oficial Maior)
Miguel Lorenzo Turbón (Xefe de servizo)
Rafael Posse Fernández (Jefe de Servicio de Sistemas y Soporte)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Esta comisión aproba, por unanimidade, o seguinte ditame:

1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio



Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)

6.- ACORDO PLENARIO



JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 30 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

22. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
3. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario: José Luis Almau Supervía (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)